

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA**  
**CELEBRADA O DÍA 26/09/2024(<http://sede.vilagarcia.gal>)**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTON CASAL

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

D. ALVARO CAROU GARCÍA

DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN

DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO

D. JESUS REY RODRIGUEZ

D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN

D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

D. JULIO VARELA CARDALDA

D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ

DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

Lista de non asistentes:

D. JUAN ANDRES BAYON ROLO

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 26/09/2024, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, de data 29 de agosto de 2024.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de agosto de 2024.

3. Toma de coñecemento das subvencións concedidas pola Deputación Provincial ao abeiro do Plan + Provincia 2024.

4. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

5. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE instando á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra para que manteñan e reforcen a colaboración económica cos eventos culturais en Vilagarcía de Arousa.

6. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre melloras de seguridade viaria nos centros educativos.

7. Comparecencia de Dona Paola María Mochales, en calidade de Concelleira de Urbanismo e Mobilidade e presidenta do Comité de seguimento dos Fondos EDUSI, en relación co nivel de execución dos Fondos EDUSI.

8. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

9. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

10. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

11. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

12. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Fernando Pérez Quintela e D. Angel Figueiredo González utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE DATA 29 DE AGOSTO DE 2024.**

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21) a acta da sesión anterior de data 29 de agosto de 2024.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:  
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240926&punto=1>  
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE AGOSTO DE 2024:** Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

**RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:**

- 1 Solicitud de inscripción en rexistro municipal de asociacións
- 2 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde obras
- 2 Aprobación pregos obras
- 3 Aprobación expediente modificación de créditos por transferencia
- 3 Aprobación expediente modificación de créditos por xeración
- 2 Autorización celebración verbenas ao aire libre
- 16 Resolución primeiras alegacións expedientes sancionadores de tráfico
- 1 Resolución sancionadora expediente tráfico
- 1 Aboamento servizos prestados en horario nocturno
- 2 Aprobación bases contratación persoal
- 3 Redución de haberes por ausencia inxustificada
- 1 Delegación firma Secretaria Acctal.
- 1 Delegación firma Interventora Acctal.
- 6 Substitución posto de categoría superior
- 8 Aprobación nomeamento funcionarios/as interinos/as
- 2 Designación representación Concello en procedemento xudicial
- 22 Estimatoria derivación subsidiaria
- 1 Desestimación fraccionamento
- 14 Estimatoria pagos duplicados
- 4 Estimatoria liquidacións e baixas
- 13 Estimatoria compensación de débedas
- 6 Estimatoria recibos
- 2 Estimatoria IBI
- 1 Estimatoria bonificación IBI
- 13 Estimatoria rateo no IVTM
- 4 Estimatoria IIVTNU
- 35 Estimatoria beneficios fiscais no IVTM
- 1 Estimatoria IVTM
- 19 Estimatoria taxas e prezos públicos
- 33 Orde de pago facturas
- 4 Comisións bancarias
- 2 Pago préstamos bancarios
- 1 Autorización celebración REVENIDAS
- 12 Deber de conservación
- 5 Reposición da legalidade urbanística
- 23 Comunicación previa obras menores
- 2 Declaración ineficacia comunicación previa obras menores
- 14 Licenzas de obras menores
- 2 Licenza de segregación
- 9 Licenzas de obras maiores
- 5 Comunicación previa apertura de establecementos
- 1 Prórroga realización obra maior
- 1 Desestímulo solicitude licenza de obra maior

TOTAL: 303

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240926&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**3.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024.-** Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica, de data 23 de setembro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da relación de investimentos seguinte:

**RELACIÓN DE INVESTIMENTOS SOLICITADOS AO PLAN + PROVINCIA 2024**

Denominación	Liña	Importe	Subvención solicitada Deputación Provincial	Achega do Concello de Vilagarcía e outras axudas	Data do acordo da Xunta de Goberno Local solicitando a subvención ao POS22/23	Data de Concesión da Subvención
“Dúas Pantallas para o Pavillón de Fontecarmoa” CT 28/2024	1	58.685,00	58.685,00	0	18/03/2024	R.P. 09/05/2024
Mellora de acceso ao Piñeirño por rúa Wenceslao Fernández Flórez. CT 29/2024	1	214.220,55	214.220,55	0	18/03/2024	X.G. 19/04/2024
Reparación de beirarrúas na rúa Patio Saavedra. CT 75/2023	1	28.531,29	28.531,29	0	18/03/2024	R.P. 06/05/2024
Ampliación da rede de saneamento e abastecemento en tramo de Camiño Regueira (Fontecarmoa). CT 30/2024	1	95.787,30	95.787,30	0	18/03/2024	R.P. 19/04/2024
Reforma de vestiarios no pavillón de Carril. CT 25/2024-e	1	35.162,56	35.162,56	0	18/03/2024	18/04/2024
Servizos pirotécnicos para as festas de S Roque 2024 (Combate Naval) CT 21/2024	2 CULTURA	47.495,33	46.415,60	1.079,83	04/03/2024	X.G. 18/03/2024
Programa para fomentar a igualdade de xénero.	2 CIM	13.246,50	13.246,50	0	04/03/2024	X.G. 18/03/2024
Gastos derivados da celebración do VII Festival Internacional de Música CLAS CLAS	2 CONSERVATORIO	30.000,00	30.000,00	0	04/03/2024	X.G. 18/03/2024
Competencias sociais y resolución de conflitos.	2 SERV. SOCIAIS	8.869,30	8.869,30	0	04/03/2024	X.G. 18/03/2024
Teatro do Oprimido	2 SERV. SOCIAIS	5.614,40	5.614,40	0	04/03/2024	X.G. 18/03/2024
Non te deixes enganar.	2 SERV. SOCIAIS	6.215,63	6.215,63	0	04/03/2024	X.G. 18/03/2024
Proxecto Activate	2 SERV. SOCIAIS	12.654,00	12.654,00	0	04/03/2024	X.G. 18/03/2024
Programa de Activación do Emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024. (35 traballadores)	3 EMPREGO	284.565,96	284.565,96	-		X.G. 16/02/2024
Redacción de proxecto para Humanización das rúas do Grupo San Roque. CT 33/2024-e	4	14.520,00	9.926,20	4.593,80	01/04/2024	R.P. 12/06/2024

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240926&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

#### **4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:**

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Figura presentada unha solicitude de participación cidadá por parte da Asociación O Soño de Lilith, para intervir no asunto relativo á moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, instando á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra para que manteñan e reforen a colaboración económica cos eventos culturais en Vilagarcía de Arousa.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240926&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

#### **5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA E Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA QUE MANTEÑAN E REFORCEN A COLABORACIÓN ECONÓMICA COS EVENTOS CULTURAIS EN VILAGARCÍA DE AROUSA.-** Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica, de data 23 de setembro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE coa data de 16 de setembro de 2024, do seguinte teor:

**MOCIÓN INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA E Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA QUE MANTEÑAN E REFORCEN A COLABORACIÓN ECONÓMICA COS EVENTOS CULTURAIS EN VILAGARCÍA DE AROUSA**

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vilagarcía de Arousa é unha cidade inquieta e que conta cun gran movemento asociativo que redundna na organización de multitude de actividades culturais, ao longo de todo o ano, e que vén a luz na nosa cidade en forma de música, cine e ocio para todos e todas. Vilagarcía é unha cidade que vive e desfruta da cultura.

Ademais disto, a xeración de eventos supón un alicerce que xa forma parte da idiosincrasia local. A intensa actividade cultural que agroma en Vilagarcía de Arousa supón un atractivo máis que permite que a nosa cidade sexa coñecida máis alá dos nosos límites territoriais, propiciando un importante retorno económico nunha cidade na que o sector servizos ten un importante peso.

Os datos da Mancomunidade do Salnés corroboran o atractivo de Vilagarcía, capaz de captar a atención de 150.651 visitantes no mes de xullo. A repercusión mediática que os distintos eventos culturais alcanzan facilitan que máis persoas teñan a oportunidade de coñecernos e, incluso, elixirnos como a cidade na que iniciar ou continuar os seus proxectos vitais.

Os vilagarciáns e vilagarciás son os verdadeiros artífices deste éxito co conta cun apoio incondicional do Concello de Vilagarcía de Arousa con medios humanos, materiais e económicos. Os últimos orzamentos recolleron un incremento do 23% nas partidas de Cultura, coas que se reforzou a colaboración co Ameixa Rock, Folk no Aobre, Revenidas, Festivala, Atlantic Fest ou o Curtas Festival do Imaxinario, entre outros.

As administracións, como poderes públicos, deben promover as condicións para que a cidadanía teña acceso á cultura e participe da vida cultural. O Concello está a cumprir sobradamente, mais nas últimas datas tivemos coñecemento do malestar dalgúns colectivos culturais pola redución económica da colaboración que a Xunta de Galicia ou a Deputación de Pontevedra destinaron aos mesmos.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal socialista somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra a incrementar a colaboración económica e reconsiderar a redución económica efectuada neste exercicio cos eventos culturais que se organizan en Vilagarcía de Arousa.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

### VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE instando á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra para incrementar a colaboración económica e reconsiderar a redución económica efectuada neste exercicio cos eventos culturais que se organizan en Vilagarcía de Arousa.

Toma a palabra Dona Alba Tomé Sueiro, en representación da Asociación O Soño de Lilith, en apoio á moción, expoñendo a supresión do financiamento do Festivala por parte da Deputación Provincial.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1) e sete votos en contra dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (7).

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE e Instar á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra a incrementar a colaboración económica e reconsiderar a redución económica efectuada neste exercicio cos eventos culturais que se organizan en Vilagarcía de Arousa.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:  
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240926&punto=5>  
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP SOBRE MELLORAS DE SEGURIDADE VIARIA NOS CENTROS EDUCATIVOS.-** Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica, de data 23 de setembro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 17 de setembro de 2024, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 26 de setembro de 2024 a seguinte MOCIÓN:

“Melloras de seguridade viaria nos centros educativos”

EXPOÑEN

Co comezo dun novo curso escolar, queda patente que na contorna dos nosos centros educativos, tanto de primaria como de secundaria, existen moitas eivas en materias de seguridade viaria.

O chamado proxecto de Camiños Escolares Seguros, non se estendeu máis alá dalgunhas actuacións nas proximidades de determinados centros de ensinanza do interior da cidade, quedando totalmente relegados e abandonados aqueles colexios e institutos que se atopan nas parroquias e no rural.

A este abandono, hai que sumar proxectos aprobados no pleno municipal que continúan sen levarse a cabo, como é o caso da Rúa Ameixeiras, que dá acceso ao IES Cotarelo Valledor, e da reparación e renovación das marquesiñas en todo o termo municipal. Unha problemática que afecta principalmente aos escolares.

Dende o Partido Popular consideramos que se deben tomar medidas para garantir a seguridade de todos os escolares do concello, por iso, e tralo exposto anteriormente, dende o este Grupo Municipal solicitamos os seguintes acordos:

1. Que se continúe o proxecto de reforma da rúa Ameixeiras
2. Que se de continuidade ao proxecto de camiños escolares seguros nos centros de ensinanza do rural.
3. Que se cumpra coa moción aprobada no pleno municipal de agosto do 2023 e se reparen e repoñan todas as marquesiñas deterioradas do municipio.
4. Que se revisen todos os puntos de acceso aos centros educativos para garantir a seguridade dos escolares.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre melloras de seguridade viaria nos centros educativos.

- O Sr. Oliveira Barreiro pide intervir polas alusións realizadas polo Alcalde, en relación co tema dos camiños escolares seguros, para expoñer a súa postura

- O Sr. Alcalde denega a petición.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

1. Que se continúe o proxecto de reforma da rúa Ameixeiras
2. Que se de continuidade ao proxecto de camiños escolares seguros nos centros de ensinanza do rural.
3. Que se cumpra coa moción aprobada no pleno municipal de agosto do 2023 e se reparen e repoñan todas as marquesiñas deterioradas do municipio.
4. Que se revisen todos os puntos de acceso aos centros educativos para garantir a seguridade dos escolares.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240926&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

#### **7.- COMPARECENCIA DE DONA PAOLA MARIA MOCHALES, EN CALIDADE DE CONCELLEIRA DE URBANISMO E MOBILIDADE E PRESIDENTA DO COMITÉ DE SEGUIMENTO DOS FONDOS EDUSI, EN RELACIÓN CO NIVEL DE EXECUCIÓN DOS FONDOS EDUSI.-**

Dáse conta do acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de 29 de agosto de 2024, do seguinte teor:

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP DE COMPARECENCIA DE DONA PAOLA MARÍA MOCHALES, EN CALIDADE DE CONCELLEIRA DE URBANISMO E MOBILIDADE E PRESIDENTA DO COMITÉ DE SEGUIMENTO DOS FONDOS EDUSI, EN RELACIÓN CO NIVEL DE EXECUCIÓN DOS FONDOS EDUSI.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 26 de agosto de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da solicitude do grupo municipal do PP de comparecencia da Concelleira Delegada de urbanismo e Mobilidade e presidenta do Comité de seguimento dos fondos EDUSI, presentada coa data de 20 de agosto de 2024, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 29 de agosto de 2024 a seguinte MOCIÓN:

“Comparecencia da Concelleira Delegada de Urbanismo e Mobilidade e presidenta do Comité de seguimento dos fondos EDUSI”

EXPOÑEN

O Concello de Vilagarcía de Arousa no marco Estrategias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado que serán cofinanciadas mediante el Programa Operativo FEDER de Crecimiento Sostible 2014-2020, efectuada por Orden HAP/2427/2015, de 13 de novembro recibiu o importe de 5 millóns de euros co plan estratéxico “Vilagarcía Avanza”.

Pese ao longo tempo transcorrido dende a concesión dos fondos, este grupo municipal, dentro das obrigas de fiscalización que ten da actuación do goberno e do dereito dos Vilagarcíans a coñecer con detalle a xestión dos fondos públicos, solicita a comparecencia da Concelleira de Urbanismo e Mobilidade e, o que neste caso interesa, presidenta do comité de seguimento dos fondos EDUSI.

O pasado 31 de decembro de 2023 era a data fixada para facer os últimos pagos de obras e servizos que foran a ser financiados.

Unha das preocupacións de este grupo municipal é coñecer o nivel de execución dos fondos EDUSI e que vai suceder coas obras que estaban previsto que fosen financiadas cos fondos europeos e non se finalizaron o ano 2023. Ditos datos foron solicitados por escrito e nas quendas de rogos e preguntas en varias ocasións por este grupo municipal sen embargo, o non se recibiu resposta ou esta non contestou a todos os puntos plantexados.

Tampouco é menor coñecer si cumprimos os obxectivos que guiaron as actuacións con cargo a ditos fondos, que en palabras do propio Plan Estratéxico, “representa la oportunidad de concretar un modelo de futuro para nuestra Ciudad, un marco de referencia que permita aprovechar oportunidades, las sinergias y complementariedades, fortalecer nuestras ventajas comparativas y, en definitiva, dar a conocer el camino que debe recorrer Vilagarcía de Arousa hacia el futuro”.

Por elo, o Grupo Municipal do Partido Popular solicita á Concelleira delegada de Urbanismo e Mobilidade que na súa comparecencia dé unha explicación, entre outras cuestións, dos seguintes aspectos:

1.- ¿Nivel de execución dos fondos EDUSI a 31/12/2023? ¿Qué importe foi certificado e pagado a data 31/12/2023?

2.- A reparación do pavillón de Fontecarmoa esta financiada en 230.149,39€ con cargo aos fondos EDUSI ¿Vanse perder eses cartos?

3.- A reforma dos vestiarios da piscina municipal estivo financiada, inicialmente, con 413.956,49€ dos fondos EDUSI, ¿Vanse perder eses cartos?

4.- A mellora de accesibilidade do Centro de formación de Matosinhos, inicialmente, contaba con 174.014,80€ de financiación dos fondos EDUSI, ¿En qué data rematou a obra?, ¿Vánse perder eses cartos?

5.- A reforma da Praza de Abastos de Vilaxoán conta con 92.160,00€ de financiación dos fondos EDUSI, ¿En qué data rematou a obra? ¿Vánse perder eses fondos europeos?

6.- Uns dos proxectos que se defendía con maior intensidade o goberno local era a rede de ciclovías, sen embargo, non se executaron a fase II-B e a Fase III ¿Ten previsto o Concello levar a cabo as fases que non executou? ¿Ían ser financiadas cos fondos EDUSI?.

7.- Outra das liñas de actuación era “Recuperación de equipamientos públicos en desuso/abandono” contemplando actuacións no Balneario, no Hórreo da Xunqueira ou no pavillón de Bamio, ¿Porqué non se executou esta liña e se deixou perder a oportunidade de ter fondos para a súa recuperación?

8.- O PMUS foi elaborado pero non aprobou polo pleno ¿Pódese perder a financiación dos EDUSI para esa actuación?

9.- En caso que estas actuacións non vaian a ser financiadas cos fondos europeos, ¿Vai ser o Concello con fondos propios o que teña que asumir ese importe? ¿Cómo afectará estos aos vilagarcíans?

10.- ¿A ausencia de execución da totalidade dos fondos é debido a xestión do goberno municipal? ¿Qué explicación ten?

Ana Granja Guillán

Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, EU e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a solicitude do grupo político municipal do PP de comparecencia de Dona Paola María Mochales, en calidade de Concelleira de Urbanismo e Mobilidade e presidenta do Comité de seguimento dos Fondos EDUSI, en relación co nivel de execución dos Fondos EDUSI. Unha vez aprobada polo Pleno a comparecencia citada, o Alcalde incluírá o asunto na Orde do Día da próxima Sesión Plenaria.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:



VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)  
ACÓRDASE: aprobar a comparecencia de Dona Paola María Mochales, en calidade de Concelleira de Urbanismo e Mobilidade e presidenta do Comité de seguimento dos Fondos EDUSI, en relación co nivel de execución dos Fondos EDUSI. O Alcalde deberá incluír este asunto na orde do día da próxima sesión plenaria.

- Comparece a Concelleira Dona Paola María Mochales dando resposta ás preguntas da comparecencia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240926&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **8.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.**

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240926&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **9.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240926&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **10.- RESPOSTA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.**

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as respóndense ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240926&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **11.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.**

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240926&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **12.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.**

Por parte do público asistente formulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240926&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:25, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.